



[Gal/Cast][Video y Fotos] Máis de 100 persoas participaron na VIII Marcha ás Cadeas

SERMOS GALIZA/GALIZA CONTRAINFO :: 21/01/2014

La VIII Marcha a las Cárceles celebrada este fin de semana reclamó el fin de la dispersión y condenó la conculcación de derechos de los presos independentistas

Galego Dous autocarros ateigados de activistas -solidari@s é o termo que está a empregar a plataforma- deslocáronse este sábado 18 de Xaneiro a Asturias e León -expedición norte- e Madrid (Estremera, Aranjuez) e Salamanca (Topas) -expedición sul- para, perante as prisións nas que se achán os presos independentistas galegos, exixiren o seu retorno a Galiza, isto é, a fin das políticas de dispersión. A VIII Marcha das Cadeas produciuse sen calquer incidente e as e os activistas adherentes a ela portaron bandeiras patrióticas e simboloxía nacionalista e non desaproveitaron a oportunidade para, face os muros das prisións, entoaren cantos independentistas, ben como o Hino Nacional galego. A marcha desenvolveuse co lema xenérico de Até que nom voltem eles iremos nós. Os presos independentistas cumpren condena após a Audiencia Nacional española ter sentenciado a súa pertenza a Resistencia Galega (embora eles, durante o xuízo, teñan recusado pertencer a calquer organización armada e teñan afirmado o seu compromiso coas vías exclusivamente pacíficas e democráticas). O nacionalismo galego, quer o político quer o sindical, vén defendendo o fin da dispersión dos presos independentistas por considerar que a súa estancia fóra do país é unha conculcación dos seus dereitos fundamentais, ao profundar o seu desarraigo social e tornar máis difícil a súa reinserción, obxectivo que debe ser prioritario en calquera política penitenciaria dun Estado democrático digno de tal nome.

Castellano Dos autobuses repletos de activistas -solidari@s es el término que está empleando la plataforma- se trasladaron este sábado 18 de enero a Asturias y León -expedición norte- y Madrid (Estremera, Aranjuez) y Salamanca (Topas) -expedición sur- para, ante las prisiones en las que se encuentran los presos independentistas galegos, exigir su retorno a Galiza, esto es, el fin de las políticas de dispersión. La VIII Marcha a las Cárceles se produjo sin ningún incidente y las y los activistas que se adhirieron a ella portaron banderas patrióticas y simbología nacionalista y no desaprovecharon la oportunidad para, frente a los muros de las prisiones, entonar cantos independentistas, o bien el Himno Nacional galego. La marcha se desarrolló con el lema genérico de Hasta que no vuelvan ellos iremos nosotr@s. Los presos independentistas cumplen condena después de que la Audiencia Nacional española los haya sentenciado por su pertenencia a Resistencia Galega (aunque ellos, durante el juicio, recusaran la pertenencia a cualquier organización armada. El nacionalismo galego, tanto el político como el sindical, viene defendiendo el fin de la dispersión de los presos independentistas por considerar que su estancia fuera del país es una conculcación de sus derechos fundamentales, al profundizar en su desarraigo social y hacer más difícil su reinserción, objetivo que debe ser prioritario en cualquier política penitenciaria de un Estado democrático digno de tal nombre.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-mais-de-100-persoas-participaro>